

Estimadas familias:

Os membros do Departamento de Orientación esperamos que tanto o alumnado como as súas familias se atopen ben de saúde e leven o confinamento da mellor maneira posible.

Desde o primeiro momento da declaración do estado de alarma, fixemos unhas recomendacións e propuxemos unha serie de actividades para traballar na casa a través da páxina web. Agora iniciado o terceiro trimestre, e tendo en conta as instrucións do Ministerio de Educación do Goberno de España e da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, queremos seguir cumprindo co noso obxectivo que é a plena inclusión. Non queremos que ninguén se quede descolgado polo que imos facer todo o posible para manter a comunicación co noso alumnado e as súas familias, así como co profesorado. Farémolo empregando os medios que están ao noso alcance, vía telefónica, correo electrónico, páxina web do centro e/ou videochamada a través da Webex. Trataremos de dar resposta, na medida das nosas posibilidades, ás dúbidas e as necesidades dos distintos membros da comunidade educativa.

Somos moi conscientes das dificultades que teñen moitas familias, neste momento tan complexo e difícil para todas e todos, pois ademais de realizar o seu traballo presencial ou telemático, as tarefas do fogar, coidado de menores e maiores ... tamén os estamos cargando coa responsabilidade das tarefas escolares das súas fillas e fillos, polo que decidimos que a nosa labor debería ser aliviar na medida en que poidamos esa última carga e asistir as persoas que máis o necesiten.

En coordinación coa dirección do centro, os membros do departamento decidimos repartir as tarefas para non saturar a ninguén e facer unha labor máis produtiva para todas e todos:

- A orientadora atenderá as demandas do profesorado e das familias polas vías que ela considere necesarias.
- A especialista de audición e linguaxe colgará na páxina web do centro, os venres, unha proposta de actividades a realizar polo seu alumnado na semana seguinte á da publicación, para non saturar ás familias.
- A especialista de pedagogía terapéutica tratará de facer un seguimento do seu alumnado, empregando o correo electrónico activo todos os días lectivos da semana, e conectándose con eles polo menos os días impares da semana a través de videochamada na Webex (se isto non fose posible para algunhas familias, faría o seguimento por correo electrónico).

Entendemos que agora o principal é estar en contacto para que ninguén se sinta fóra do sistema educativo. Sabemos que non é unha tarefa fácil, pero trataremos de facelo o mellor posible contando coa inestimable axuda do noso alumnado e as súas familias.

Esperamos poder resolver as súas dúbidas e aconsellar do xeito máis acertado ás familias para que esta etapa de confinamento sexa un pouco máis fácil de levar.

**GRAZAS POR QUEDAR NA CASA!**

Un saúdo afectuoso dos membros do Departamento de Orientación.  
CEIP Fontes-Baíña (Baiona).